

**ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "MELLORA PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS RURAIS. PLAN MARCO 2014-2015". APERTURA DE PROPOSTA ECONÓMICA.**

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 13:10 horas do día 27 de xullo de 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Miguel Capon Rey, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o arquitecto técnico municipal D. Jose M. Ferreiroa Gonzalez e a concelleira de urbanismo e facenda Dona María Yolanda Rodríguez Rodríguez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María de los Angeles Domínguez Ramos.

A Mesa de Contratación celebrada o día 27 de xullo de 2015, ás 13,00 horas, acordou admitir á licitación as empresas presentadas, por cumprir os requisitos esixidos e convocar Mesa de Contratación, en acto público, para esta mesma data, aos efectos de apertura da Proposta Económica.

A continuación se procede á apertura do sobre nº 2, onde os criterios cuantificables de Forma Automática son:

Proposición económica, baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de 50 puntos.

Melloras:

- Incremento de prazo de garantía, o proxecto contempla un prazo de garantía de un ano. Se valorará con seis puntos por cada ano que se aumente dito prazo, cun máximo de 24 puntos por este aspecto.
- Incremento do número de testigos e análise. O proxecto contempla a toma de 3 testigos e 3 análises das mostras. Proponse a valoración con 4 puntos por cada toma de testigo e análise da mostra que se aumente, cun máximo de 24 puntos

A presentes licitación ten un orzamento de

Orzamento base: 69.006,56€

IVE 21%: 14.491,38€

Orzamento total: 83.497,94€

As ofertas presentadas polas empresas son:

Empresa	Importe engadido IVE	Anos de garantía a mais ofertados	Testigos a mais ofertados
Asfagal Tecnicas Viarias S.L.	65.971,72 €	4	6
Construccions Caldevergazo S.L.	73.810,00 €	2	6
Pavimentos y Viales de Galicia S.L.	55.016,79 €	4	6
Construciones Fechi S.L.U.	65.387,24 €	4	6
Narom S.L.	68.944,25 €	4	6
Construcciones, obras y viales S.A.	62.231,01 €	4	6
Excavaciones y contrucciones Manuel Perez Portela S.L.	70.973,25 €	1	6
Obras y Saneamientos de Galicia S.L.	72.618,16 €	2	6
Marconsa S.L.	69.036,09 €	4	6
Construcciones Vale S.L.	65.545,88 €	4	6

O prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, na cláusula 17º, establece (...) "Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

- a) *Se o contrato debe adjudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da LCAP.*
- b) *Cando a adjudicación deba facerse tendo en conta máis de un criterio de adjudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados. Se só existe unha oferta presentada, se considerará anormal ou desproporcional aquela inferior a un 25% do tipo de prezo de licitación.*

En base ao indicado anteriormente, os membros da mesa de contratación expresan a existencia de oferta anormal ou desproporcionada da empresa presentada.

Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada pola empresa "PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA S.A." pode ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto nos artigos máis arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Solicitar á empresa " PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA S.A.", con enderezo Lugar da A Ermida cp 36158 Marcon (Pontevedra), xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."

Segundo.- Outorgar un prazo de cinco días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE EN FUNCIONS

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Miguel Capon Rey

Asdo. M^a de los Angeles Domínguez Ramos

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

A CONCELLEIRO DE URBANISMO E FACENDA

O ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL

Asdo. M^o Yolanda Rodriguez Rodriguez

.Asdo: Jose M. Ferreiroa González